

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE MARZO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:45 horas do día vinte e sete de marzo de 2014, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste a concelleira Dña. Ana Ledo Fernández.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pasanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES.

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/02/2014 e 17/03/2014 respectivamente, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria e extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/02/2014 e 17/03/2014 respectivamente.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.-

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A FORMALIZACIÓN DE CONVENIOS.

Pola secretaria dáse conta do escrito recibido da Deputación Provincial -Sección de Plans Especiais- en data 13/03/2014 con rexistro de entrada no Concello co número 456, no que se require documentación a fin de iniciar os trámites de aprobación dos Convenios de colaboración solicitados por este Concello para a financiación de obras e subministros.

Redactado en outubro de 2013 polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4.657 a memoria valorada “Suministro de contenedores para recogida selectiva de basuras en el Concello de Boimorto” e en marzo de 2014 o proxecto “Mejora de plazas públicas del Concello de Boimorto”.

Sendo necesario adoptar acordo de aprobación da memoria e do proxecto de execución e da solicitude da subvención, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada “Suministro de contenedores para recogida selectiva de basuras en el Concello de Boimorto” con presuposto de execución por contrata de 5.000,00 €uros e o proxecto “Mejora de plazas públicas del Concello de Boimorto” con presuposto de execución por contrata de 100.000,01 €uros.

SEGUNDO.- Solicitar á Deputación Provincial unha subvención por importe de 105.000,01 €uros, destinada a financiar o subministro e obras mencionadas no punto primeiro do presente acordo.

TERCEIRO.- Autorizar ao Alcalde para que realice as oportunas xestións e asine cantos documentos se relacionen co presente asunto.

2.1.2.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO SOBRE O INFORME DE VALORACIÓN ECONÓMICA DO INMOBLE DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL REALIZADO POLO TÉCNICO MUNICIPAL.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Facenda, Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, en data 11/03/2014 con rexistro de entrada no Concello co número 438, no que comunican que unha vez analizado o informe emitido polo técnico municipal deste Concello sobre a valoración económica do inmovible da antiga Cámara Agraria Local se reiteran no contido do informe realizado polo Servizo de Investigación Patrimonial e Obras da Consellería de Facenda sendo correctos os coeficientes aplicados.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE SOBRE AUTORIZACIÓN SANITARIA DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO SANITARIO DA MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefa do servizo de Autorización de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios da Consellería de Sanidade, no que se acompaña resolución de 19 de marzo de 2014 pola que se outorga autorización sanitaria de funcionamento do servizo de miniresidencia e centro de día de Boimorto, así como a acreditación de inscrición no REXCE co número C-15-003158, que se deberá exhibir nun lugar ben visible para o público e consignar na súa publicidade o número outorgado.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan que se proceda a colocar na miniresidencia e centro de día o documento que acredita que o centro conta con autorización sanitaria.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DA EMPRESA COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L. COMUNICANDO A SUBIDA DO IPC DO 0,3 % NA FACTURACIÓN DO SERVIZO A PARTIR DOL MES DE XANEIRO DE 2014

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo xerente da empresa Cogami Reciclado de Galicia S.L., D. Ramón García Fianjo, no que comunica que a partir da factura correspondente

ao mes de xaneiro deo 2014, esta inclusive, aplicarán a subida do IPC co 0,3% nas súas tarifas de servizos (a excepción dos alugueres de medios, taxas de vertido e taxas destrución documental).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.

3.1.4.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. José Antonio López Gómez, en calidade de secretario da Asociación deportiva, gastronómica, cultural e ambiental RÁPIDO DE DORMEÁ, con número de rexistro de entrada neste Concello 401 con data 05/03/2014, no que solicita autorización para utilizar as instalacións deportivas pertencentes ao campo municipal de fútbol o día 2 de agosto de 2014.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Informar á Asociación deportiva, gastronómica, cultural e ambiental Rápido de Dormeá que se realizará a consulta ao Club de fútbol e posteriormente comunicarse de ser posible a autorización.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- RECTIFICACIÓN DE PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS EN RELACIÓN CO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DE XARDÍNS, ZONAS VERDES E OUTRAS ZONAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse conta que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2014 foi aprobado o expediente de contratación para o servizo de conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais do Concello de Boimorto e acordouse declarar de aplicación á presente contratación os pregos de cláusulas particulares e técnicas que constan no expediente.

Advertido erro material no prego de prescricións técnicas na cláusula **2.A.4 Recorte de bordes**, na cláusula **2.A.9 Fertilización** e na cláusula **2.A.11 Tratamentos fitosanitarios**.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Rectificar os pregos de prescricións técnicas nos termos recollidos a continuación:

Onde di:

Prescricións técnicas para mantemento e conservación integral das zonas verdes do Concello de Arzúa.

Debe dicir:

Prescricións técnicas para mantemento e conservación integral das zonas verdes do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ás empresas invitadas e que se mantén o mesmo prazo para a presentación de ofertas.

4.2.2.- PREAVISO DE PRÓXIMO CUMPRIMENTO E RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO ASISTENCIA TÉCNICA URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO

En aplicación do disposto no artigo 206.h) da Lei 30/2007, e 30 de outubro, de contratos do sector público e conforme ao disposto nos artigos 221, 222.1, 223.h) e 225 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, normativa aplicable no momento da resolución (conforme ao disposto na disposición transitoria primeira do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o tecto refundido da Lei de contratos do sector público) e visto o contrato de servizo de asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto asinado o 04/04/2012 e prorrogado no 2013 coa empresa Cerne Ingeniería S.A. (CEINSA) e aplicando o disposto na cláusula 5ª do prego de cláusulas administrativa particulares e técnicas da adxudicación de dito contrato a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Tendo en conta a normativa expresada, así como a cláusula 5ª do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas da adxudicación de dito contrato de servizo de asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto asinado o 04/04/2012 e prorrogado no 2013 coa empresa Cerne Ingeniería S.A. (CEINSA), preavisar ao contratista Cerne Ingeniería S.A. (CEINSA) da intención desta Corporación de resolver o contrato citado con efectos 04/04/2014.

SEGUNDO.- Notificar este acordo á Empresa contratista aos efectos oportunos, concedendo de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001 xa citado, un prazo de audiencia de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo.

4.2.3.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUNHA MÁQUINA FOTOCOPIADORA E OS SEUS CONSUMIBLES PARA O CONCELLO DE BOIMORTO (EXPEDIENTE CSPNSP 1/2014)

Visto que o día 27/03/2014 o Alcalde ditou Providencia para o inicio do expediente de contratación do subministro dunha máquina fotocopidora e os seus consumibles, cun orzamento de licitación de:

A) Adquisición 4.719 Euros (valor estimado 3.900 € + iva 819 €).

B) Subministro consumibles relacionado con mantemento:

Tipo máximo custe por páxina cor = 0,045 máis iva do 21%

Tipo máximo custe por páxina blanco negro = 0,0068 € máis iva do 21%

Constando no expediente certificación de existencia de crédito de intervención, informe de secretaría, pregos de prescricións particulares e técnicas que haberán de rexer a contratación por procedemento negociado sen publicidade no marco do Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 109 do TRLCSP RDLex 3/2011, con fundamento da renovación tecnolóxica dos equipos de impresión e o aforro de custes derivados desta.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria neste expediente en uso das facultades delegadas pola alcaldía presidencia na Xunta de Goberno Local e en aplicación do disposto no artigo 110 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do contrato administrativo de subministro dunha máquina fotocopidora e os seus consumibles, por procedemento negociado sen

publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía do subministro, contratación conforme aos pregos de prescricións administrativas particulares e técnicas que están no expediente e que se realizará por tramitación ordinaria nesta contratación.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas que constan no expediente, que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade deste subministro non suxeito a regulación harmonizada recollendo o prego de prescricións particulares do contrato os criterios de adxudicación do mesmo.

TERCEIRO.- Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 920.626 para a adquisición da fotocopiadora o gasto de 4.719 Euros e indicar que na partida 920.22799 de gastos correntes existe crédito suficiente para pago subministro mantemento consumibles do orzamento municipal de 2014

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do TRLCSP non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación e solicitar a oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo isto no expediente. Acordar dirixir oferta ás seguintes empresas: Solitium, S.A. CIF: A-36776458; Cpycon, S.L. CIF: B-15404239 e NEA F3 Ibérica, S.L.U. CIF: B-15361348

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
B 234-10/03/14	Jobegosum S.L. B70058268	Cateter material médico para a residencia	23,10 €
917344-28/02/14	Ferretería Noguerol S.L. / B15970510	Tenaza para o servizo de augas	155,19 €
97.911-15/03/14	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15.214.349	Batería camión recollida de lixo matrícula 7428FJK	222,64 €
97.913-15/03/14		Manometro Michelin Qasquai (P. Civil) 5895 GZW	76,30 €
140059-28/02/14	Farmacia M ^a José Vázquez Freire / 33277749S	Material de farmacia para os residentes da residencia	26,95 €
764-26/02/14	Dolores Pazos Garea / 24403008-P	Subministro e reposición de 7 luas comedor do colexio	199,65 €
014NCV/12-15/03/14	Ems Aytens, S.L. / B- 15497100	Reparación grúa servizo de axuda a domicilio	83,30 €
XEFA2615-17/03/14	Consensur, S.L. / B36749414	Recollida material de enfermería da residencia	60,63 €
140096-24/03/14	Carlos López Ayude / 32431803-D	Gorras bicor para protección civil	63,89 €
91-28/02/14	Juan López Sánchez	Gasolina para motoserra e	

□	34258362T	gasóleo automoción vehículos 5895 GZW e 5002 HHB	291,00 €
2714200011-15/03/14	Interparking Hispania, S.A. Vías y Construcciones, S.A. / ESU83458570	Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica no hospital	8,55 €
VIS/14000287- 15/03/14	Morteros y Hormigones del Noroeste, S.A. / A- 15611858	Material para reparación de camiño en Ribeiro (Boimorto)	335,12 €
P 2014/03406- 12/03/14	Mugatra Sociedad de Prevención S.L.U. / B70055504	Servizo de prevención residencia pago segundo prazo (12/12/2013 ao 11/06/14)	215,43 €
28/14-26/03/14	Cerne Ingenieria, S.A. A- 15056468	Asistencia técnico urbanística mes de marzo 2014	
FRO20140955941- 26/02/14	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA- 83052407	Impreso sen dirección postal boletín informativo nº 79 do concello abril 2014	52,50 €
TA4JJ0366733 TA4JJ0376217 TA4JJ0366732 TA4JJ0374286 TA4JJ0374508 TA4JJ0366734 TA4JJ0380645 TA4JJ0380307 TA4JJ0375314 19/02/14	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais Recibo teléfono centro maiores Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono ascensor concello Recibo teléfono oficinas Concello Recibo teléfono PAI Recibo teléfono residencia Recibo teléfono ascensor residencia Recibo teléfono fax	93,66 € 78,19 € 17,13 € 8,70 € 332,84 € 15,15 € 77,02 € 11,10 € 0,00 €

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 27/03/2014

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- VÁZQUEZ ESPÍÑEIRA JOSEFA -PODOLOXÍA **VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia

c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

2.- NOVO GARCÍA MANUEL - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro municipal de maiores a Xunta de Goberno Local, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de podoloxía a Josefa Vázquez Espiñeira e no servizo de fisioterapia a Manuel Novo García.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de abril, maio de xuño de 2014. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de podoloxía e fisioterapia.

5.3.- MODIFICACIÓNS Á LISTA DE ESPERA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE MARZO 2014: NOVAS SOLICITUDES NO SERVIZO DE LIBRE CONCURRENCIA.

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social do Concello de Boimorto e responsable do servizo de axuda a domicilio, María Esther Vidal Pandelo, de data 26/03/2014, en relación coas modificacións producidas na lista de espera do referido servizo no presente mes de marzo de 2014 e que se transcribe o texto textualmente:

<<M^a Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, n^o de colexiada 1397

INFORMO:

Que neste mes de marzo se presentaron dúas novas solicitudes do servizo de axuda no fogar por libre concurrencia.

Que os solicitantes son:

- Antonio Gómez León, quen solicita un aumento de número de horas do servizo, xa que na actualidade recibe tres horas semanais prestadas real e efectivamente os luns, mércores e venres. Unha vez valorada a solicitude acada unha puntuación total de 32 puntos.
- Elisa María Bao Castro quen solicita a alta no servizo por dúas horas semanais. Unha vez valorada a solicitude a puntuación que acada é un total de 21 puntos.

Para que conste onde conveña.

Boimorto, 26 de marzo de 2014

Asdo: M^a. Esther Vidal Pandelo

Traballadora social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Deixar constancia que no mes de marzo de 2014 non existe variación na lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia e dependentes con respecto á aprobada na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2014.

SEGUNDO.- Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 26/03/2014 incluír na lista de espera do servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia a D. Antonio Gómez León (solicitude presentada en data 12/03/2014 rexistro de entrada número 442) e Dna. Elisa María Bao Castro (solicitude presentada en data 12/03/2014 rexistro de entrada número 441).

TERCEIRO.- Tendo en conta a puntuación acadada por D. Antonio Gómez León e Dna. Elisa María Bao Castro con respecto ás solicitudes relacionadas no acorda Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2014 incluílas na lista de espera no posto primeiro e terceiro respectivamente.

CUARTO.- Aprobar e facer pública a seguinte lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 2º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 3º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.
- 4º.- Antonio Corral Boado, 17 puntos.
- 5º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 6º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 7º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 8º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.
- 9º.- Dolores Nouche Botana, 8 puntos.

5.4.- RECTIFICACIÓN DE ERRO EXISTENTE NO ACORDO ADOPTADO POLA X.G.L. EN DATA 30 DE XANEIRO DE 2014 NO PUNTO 5.3.-

Pola secretaria dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local que se observou un erro material no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2014, na aprobación da autoliquidación do canon de auga correspondente ao terceiro cuadrimestre do exercicio 2013 no que se computa o importe total de 6.589,87 €uros con cargo a conta extraorxamentaria 2310 do orzamento municipal de 2013 prorrogado no 2014 cando tería que autorizarse o gasto de 5.906,06 €uros con cargo a conta extraorxamentaria 20310 e 683,81 €uros con cargo á aplicación orxamentaria 161.22501 do referido orzamento municipal de 2013 prorrogado no 2014.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Subsanan o erro material observado no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xaneiro de 2014, no seu punto 5.3.-

5.5.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA O PROGRAMA DE TERMALISMO NO BALNEARIO COMPOSTELA (BRIÓN).

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán o programa de termalismo redactadas en data 27/03/2014 pola animadora de deportes e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA O PROGRAMA DE TERMALISMO NO BALNEARIO COMPOSTELA (BRIÓN).

1.- Concepto

Establecemento do prezo público para a o programa de termalismo no Balneario Compostela de Brión.

O Concello continúa un ano máis co programa de Termalismo Social no Hotel Balneario Compostela de Brión. Consiste na visita a este balneario un día á semana (mércores) para gozar das augas termais e do circuíto de sauna, duchas de contraste, sala de musicoterapia e aromaterapia,... Irase durante 3 mércores consecutivos, comezando o 9 de Abril e finalizando o 28 de maio. O número de máximo de persoas por día é de 25.

A hora e lugar de saída do autocar é ás 15:30 do Centro de Maiores e a chegada ás 19:30 horas.. Hai que levar gorro e recoméndase tamén levar unha toalla da casa para secarse despois. O prazo de inscrición para cada semana remata o día anterior á viaxe.

2.- Obrigados o pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade, e só poderán participar todos os maiores de 16 anos.

Todos os asistentes deberán cubrir unha solicitude na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo é de 7 euros/día de participación, para custear os prezos do transporte, que serán entregados nas Oficinas do Concello cando se realice a inscrición que poderá ser semanal; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto 27 de marzo de 2014.

A animadora de deportes

Asdo.-M. Amalia Seoane

Barreiro>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases de establecemento de prezos públicos para o programa de termalismo no balneario Compostela (Brión), redactada pola animadora de deportes tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo o prezo público por cada día de participación en 7 €uros/participante.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.6.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A RUTA DE SENDERISMO A CARNOTA - “SENDA VERDE DE CARNOTA”.

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán a actividade Ruta de senderismo a Carnota redactadas en data 27/03/2014 pola animadora de deportes e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A RUTA DE SENDERISMO A CARNOTA - “SENDA VERDE DE CARNOTA”

1.- Concepto.

O concello de Boimorto en coordinación co concello de Mesía organizan a saída para realizar unha ruta de senderismo en Carnota o sábado 17 de maio, con saída en autocar ás 9:30 da plaza do Rosario de Boimorto e chegada ás 19:00 ó mesmo lugar.

A orde de inscrición será a que determinará as persoas que sexan beneficiarias desta actividade, e o pago realizarase nas oficinas do Concello antes do día 12 de maio, día no que rematará o prazo para anotarse.

2.- Obrigados ó pagamento

Estarán obrigado ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes deberán cubrir unha solicitude na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

Poderán acudir sen acompañante os menores de idade maiores de 14 anos sempre que conten con autorización do pai/nai ou titor/a.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 10 euros por persoa.

Este prezo inclúe o desprazamento en autocar.

O número mínimo de prazas para a realización da saída é de 20 persoas. O número de prazas máximo poderase incrementar en función da demanda, pero será o Concello o que decidirá se se amplían ou non as prazas.

Baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é nas oficinas do Concello antes do día 12 de maio o 100% do importe.

Boimorto, a 27 de marzo de 2014.

A animadora de deportes.

Asdo. M^a Amalia Seoane Barreiro>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público para a actividade de ruta de senderismo a Carnota, redactada pola animadora de deportes tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo o prezo público de 10 Euros por persoa.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.7.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN ÁS RÍAS BAIXAS.

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán a excursión ás rías baixas redactadas en data 27/03/2014 pola normalizadora lingüística e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN ÁS RÍAS BAIXAS:

1.- Concepto

Establecemento do prezo público para a excursión ás Rías Baixas; o día 10 de maio de 2014. O xantar será no Grove, faremos un cruceiro con degustación de mexillóns, incluída bebida. De volta farase unha parada na Illa da Toxa.

A hora e lugar de saída do autocar é á 09:00h do Campo do Rosario.

O prazo de inscrición remata o 5 de maio. Os menores de idade deberán ir acompañados por un adulto.

O obxecto desta actividade é o de fomentar a participación conxunta de veciños/as e dar a coñecer a todos diferentes lugares da xeografía de Galicia.

O mínimo de participantes será 25 e ata un máximo de 80.

2.- Obrigados o pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 30 euros por persoa. O prezo inclúe o desprazamento en autocar, xantar e o cruceiro, baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 27 de marzo de 2014

A normalizadora lingüística

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público para a excursión ás Rías Baixas, redactadas pola normalizadora lingüística e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo o prezo público de 30 €uros por persoa.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 62, 63, 67 e 72 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:00 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez